



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E IBERMUTUA, MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL Nº 274, PARA O ASESORAMENTO, DIRECCIÓN, SUPERVISIÓN TÉCNICA E FORMACIÓN DOS REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN PARA OS EFECTOS DA COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NA ADOPCIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE AO COVID-19, NOS LOCAIS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO DÍA 12 DE XULLO DE 2020.

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte D. Heraclio Corrales Romeo, con D.N.I. nº 45056496- W, en nome e representación de Ibermutua, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social nº 274 (en diante Ibermutua), con domicilio social na rúa Ramírez de Arellano, nº 27, Código Postal 28043 de Madrid e con CIF G-81939217. Actúa en calidade de Director Xeral en virtude das facultades que lle veñen conferidas en virtude da escritura de poder bastante autorizada polo Notario de Madrid D. Francisco Javier Moedeiro San Martín de data 8 de abril de 2002, constante o número 1799 de orde de tal protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Acordo de colaboración, e para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de





Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, corresponde á mesma a organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Que Ibermutua é unha Entidade Colaboradora na xestión da Seguridade Social, cuxa actividade se atopa ordenada conforme o disposto nos artigos 80 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, e demais normas concordantes, dirixida e tutelada polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e cinguese, entre outras, á colaboración na xestión das continxencias de traballo e enfermidades profesionais, así como a aquelas actividades de prevención, recuperación ou de análoga índole que resulten previstas na norma citada ou nas disposicións regulamentarias que constitúen o seu desenvolvemento.

Que Ibermutua vén prestando a protección da cobertura integral de Accidentes de Traballo (prevención, asistencia sanitaria, rehabilitación e reinserción de traballadores accidentados, etc) para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude de adxudicación adoptada mediante Resolución do 9 de marzo de 1995 da Consellería da Presidencia e Administración Pública (Diario Oficial de núm. 56, do 21 de marzo de 1995), na que se determina a asociación da Xunta de Galicia con esta mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

Terceiro. Polo Decreto 72/2020, do 18 de maio, convocáronse eleccións ao Parlamento de Galicia para o día 12 de xullo de 2020.

En virtude da responsabilidade que ten asumida a Xunta de Galicia en relación á organización do seu propio proceso electoral, garantindo os máximos niveis de rigor e esixencia, cumprindo o disposto na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral e demais normativa de aplicación, facendo, dada a situación actual,





especial incidencia en promover a adopción de todas aquelas medidas tendentes a garantir e preservar a saúde de todos os galegos mentres persista a situación provocada pola pandemia xerada polo coronavirus Covid-19, o Consello da Xunta de Galicia, o 29 de maio de 2020, aprobou un Protocolo polo que se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020.

No referido Protocolo, e como garantía das medidas adoptadas no mesmo, prevese que, co fin de garantir a correcta preparación dos locais electorais, as delegacións territoriais da Xunta de Galicia designarán 133 coordinadores/as encargados especificamente de colaborar na adopción das medidas preventivas establecidas no protocolo dos locais electorais que se lles asignen, e que durante a xornada electoral farán roldas para colaboraren en tal adecuación en auxilio dos/as presidentes/as das mesas e nos momentos en que estes o soliciten ou autoricen.

E engade que estes 133 coordinadores/as actuarán, no que ás medidas sanitarias se refire, baixo a dirección e supervisión técnica de sete técnicos responsables nomeados pola entidade colaboradora nas actividades preventivas designada pola Administración autonómica, e todos eles estarán sometidos á superior dirección da persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen que, en ningún caso, teñan atribucións relativas ao desenvolvemento do proceso electoral, actuando neste contorno baixo a autorización ou solicitude dos/as presidentes/a das mesas electorais.

Cuarto. Para o axeitado desenvolvemento das súas funcións, compre levar a cabo o asesoramento, dirección, supervisión técnica e formación específica destes 133 Representantes da Administración para os efectos da coordinación e colaboración na adopción de medidas preventivas fronte ao COVID-19 designados polas Delegacións Territoriais, sobre a implementación das medidas establecidas no Protocolo polo que





se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020.

E, para a realización de actividades preventivas, cóntase coa colaboración desinteresada de Ibermutua, entidade que vén prestando a protección da cobertura integral de Accidentes de Traballo (prevención, asistencia sanitaria, rehabilitación e reinserción de traballadores accidentados, etc) para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia,

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente acordo de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente Acordo, é establecer un marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade colaboradora da Seguridade Social Ibermutua, para o asesoramento, dirección, supervisión técnica e a formación dos 133 Representantes da Administración aos efectos da coordinación e colaboración na adopción de medidas preventivas fronte ao COVID-19 (en diante cordinadores/as colaboradores/as) establecidas no Protocolo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de maio de 2020, nos locais electorais que se utilizarán o día 12 de xullo para a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DE IBERMUTUA





Ibermutua deseñara, e impartirá unha acción formativa específica, dirixida aos/as 133 coordinadores/as colaboradores/as, en relación coas medidas preventivas en materia de saúde pública establecidas no Protocolo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de maio de 2020, nos locais electorais que se utilizarán o día 12 de xullo para a realización das votación para a elección do Parlamento de Galicia.

Así mesmo, dirixirá, asesorará e realizará a supervisión técnica dos/das 133 coordinadores/as colaboradores/as, sen prexuízo da coordinación da persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o cal Ibermutua designará a sete técnicos/as.

A formación realizaranse en diversas edicións os días 4 e 5 de xuño de 2020, e terán unha duración aproximada de 5 horas cada unha, e se celebrarán nas cidades de A Coruña, Lugo Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo.

Con base aos resultados das actuacións presentados polos 133 coordinadores/as colaboradores/as, Ibermutua emitirá un certificado final sobre a adecuación dos locais electorais ao establecido no Protocolo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de maio de 2020, nos locais electorais que se utilizarán o día 12 de xullo para a realización das votación para a elección do Parlamento de Galicia.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.

Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndelle a coordinación , a través da persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dos sete técnicos designados por Ibermutua.





CUARTA. - SEGUIMIENTO DO ACORDO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do Acordo, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes do mesmo.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O presente Acordo resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto do mesmo.

SEXTA. – VIXENCIA

A vixencia do presente Acordo estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos compromisos asumidos. En ningún caso excederá do 30 de xullo de 2020.

E en proba de conformidade co expresado neste Acordo, asínase o 3 de xuño de 2020

O Vicepresidente e Conselleiro de
Presidencia Administracións Públicas e
Xustiza

O Director Xeral de Ibermutua

Alfonso Rueda Valenzuela

Heraclio Corrales Romeo

